



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 821 Semana do 18 ao 24 de febreiro de 2019

O 37,1% DAS ASALARIADAS GALEGAS TEÑEN INGRESOS MENORES OU IGUAIS AO SMI, FRONTE AO 26,2% DOS HOMES

O SALARIO MEDIO ANUAL DAS MULLERES GALEGAS É UN 23% INFERIOR AO DOS HOMES

UGT-Galicia esixe ao Goberno a aprobación dunha Lei de igualdade salarial e unha actuación máis incisiva da Inspección de Traballo para detectar as vías polas que se penaliza ás mulleres

Redacción.- Con motivo da celebración hoxe, día 22, do Día pola igualdade salarial, UGT-Galicia ven de publicar un informe no que se constata que a brecha salarial persiste e, incluso, incrementábase porque se infravalora o traballo das mulleres. UGT-Galicia considera que chegou o momento de esixir unha lexislación específica que reforce as vías de eliminación de discriminación cara ás mulleres, xa prohibidas nos sucesivos Tratados da Unión Europea e na maioría das lexislacións europeas. A vía máis disuasoria para a eliminación das brechas salariais pasa por sancións exemplares de idéntica contía á que as empresas deixaron de pagar ás mulleres, ademais de reparar ás mulleres polas contías que deixaron de percibir.

As galegas, tras as canarias e cántabras, as que menor retribución por hora perciben

Así, o informe elaborado por UGT-Galicia, segundo a Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2016 do INE, reflicte que as mulleres galegas, tras as canarias e as cántabras, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado e a esta é un 15,2% inferior á dos homes. 12,23 euros por hora, fronte aos 14,42 dos homes e os 13,6 euros de media a nivel estatal no caso feminino.

A Enquisa anual de estrutura salarial do 2016, último dato dispoñible, indica que as mulleres galegas no 2016 percibiron un salario medio anual inferior nun 23% ao dos homes, polo que, lonxe de reducirse, a brecha volve a incrementarse. Xa que no ano anterior era do 22% e no 2014 do 20,9%.

Isto derivase dun salario medio anual para as mulleres inferior ao dos homes en 5.479,74 euros. Se o salario medio dos homes foi de 23.774,21 eu-



ros, o das mulleres de 18.294,47 euros. Esta diferenza en termos absolutos é a máis ampla dende o ano 2004.

A brecha salarial supónlle ás mulleres galegas deixar de percibir case 2.700 millóns de euros

A brecha salarial supónlle ás mulleres galegas deixar de percibir un total de 2.694,4 millóns de euros no ano 2016. E isto deixando á marxe, sen contabilizar, o traballo non retribuído das mulleres que desempeñan no eido familiar. Así, os homes utilizan unha media de nove horas por semana para os coidados non remunerados e tarefas domésticas, fronte ás 22 horas semanais que invisten as mulleres.

Que sucede no resto das comunidades autónomas?. A brecha constátase en todas, aínda que hai diferenzas. As mulleres galegas teñen unha brecha superior a media estatal, onde é do 22,35%. Galicia é a sétima comunidade autónoma onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo. De feito, a diferenza con algunhas comunidades é moi elevada, as mulleres galegas perci-

ben un 22% menos de salario que as mulleres vascas.

Os complementos salariais inciden e moito na brecha por razón de xénero

Despois de moitos anos analizando as diferenzas salariais queda constatado que un factor que explica por si mesmo a brecha é a existencia ou non de complementos salariais. O peso dos complementos no salario bruto dos homes galegos é de 762,66 euros máis ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,8%. Actuando sobre estes complementos podería reducirse en boa medida a desigualdade nos salarios entre homes e mulleres e máis tendo en conta que moitas veces estes complementos non se basean en cuestións obxectivas nin cuantificables, polo que esconden tras de si discriminacións directas.

En canto ao tipo de contratación, resulta evidente que a indefinida garante salarios máis elevados, precisamente, á modalidade que acceden menos mulleres.

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

No 2016 houbo en Galicia 308.100 homes con contrato indefinido, cun salario un 24,1% superior ao feminino. Fronte a 288.600 mulleres. Pola contra, rexistráronse 97.900 homes con contrato de duración determinada, fronte a 105.600 mulleres, cunha brecha neste caso do 15,5%.

A parcialidade da contratación tamén é un factor que discrimina. A brecha salarial nos contratos a tempo completo é do 10,22%, mentres que nos contratos a tempo parcial é do 7,46%. Polo que, independentemente da variable que analicemos, as mulleres sempre perciben salarios inferiores aos dos homes.

No sector privado a brecha salarial é moi superior, do 26,8%, fronte ao 5,9% do sector público. Noutra orde de cousas, por tramos de idade, en todos as mulleres perciben salarios inferiores aos dos homes pero constátase que a maior idade maior brecha. Mentres as mulleres maiores de 35 anos sofren unha brecha do 20,4%, nos tramos de idade de 45 a 54 anos esta é dos 23,8 puntos e xa entre as maiores de 55 anos sobe ata o 24,5 por cento. Quere dicir isto que o mercado laboral é máis igualitario entre os máis mozos?. Pois non, quere dicir que hai unha maior temporalidade neste tramo de idade e, como se comprobou anteriormente, a maior temporalidade menor é a brecha.

Para percibir 18.400 euros a un home bástalle con estudos primarios pero unha muller ten que ter polo menos unha diplomatura

A formación tampouco resolve as diferenzas. De feito, a igual formación as mulleres sempre perciben salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 18.400 euros ten que ter, polo menos, unha diplomatura universitaria ou similar. Mentres que a un home lle é suficiente para percibir esta cantidade con estudos primarios.

A brecha salarial supera o 25% en todos os niveis formativos, salvo no caso de ter unha licenciatura, doutoramento ou similar, onde baixa ata o 18,9%, aínda que en termos absolutos a diferenza salarial elévase aos 6.553,11 euros ao ano. No caso dos estudos primarios a brecha dispárase ao 37,2%.

Por ramas de actividade tamén se constata que en todas existe brecha sa-

larial. As que teñen brechas máis elevadas son agricultura, gandería, silvicultura e pesca, cun 30,4; entidades financeiras e aseguradoras, cun 29,6; e industria, cun 29,4.

Unha análise do SMI indica que o 37,1% das mulleres asalariadas galegas teñen ingresos menores ou iguais ao SMI, fronte ao 26,2% dos homes. 179.488 mulleres perciben cantidades iguais ou inferiores ao SMI, fonte a 141.632 homes.

Pero, en canto aos salarios máis elevados, destaca que 28.253 homes percibiron salarios cinco veces superiores ao SMI, fronte a 12.298 mulleres.

A suba do SMI a 900 euros beneficiará en maior medida ás mulleres

Polo tanto, UGT-Galicia considera que a suba do SMI a 900 euros mellorará, sen dúbida, a situación das mulleres en termos salariais.

As prestacións por desemprego e as pensións arrastran as brechas e desigualdades do mercado laboral

Existen dous indicadores que, no futuro, arrastran as brechas e desigualdades da situación laboral presente, as prestacións por desemprego e as pensións. E, en ambos casos, a muller sae de novo prexudicada.

No primeiro caso, as beneficiarias das prestacións por desemprego son menos e a contía que perciben é inferior á dos homes nun 12,5%. As escasas cotizacións, tanto en termos temporais como monetarios, conducen a estas situacións. Nesta análise non se pode esquecer ás 26.744 mulleres traballadoras do sistema especial de persoas empregadas do fogar da Seguridade Social, tan só hai 603 homes, que non teñen dereito ao desemprego.

No caso das pensións, a brecha é do 36,3%. Se se ten en conta só a pensión de xubilación o diferencial é aínda máis elevado, do 37,2%. O único caso no que existe unha diferenza salarial a favor das mulleres é nas pensións de viuvez, cun importe medio dos 580,62 euros e tendo en conta que esta pensión en moitos casos é a única fonte de ingresos das mulleres, non así nos homes.

A principal conclusión deste informe é que a discriminación laboral en Galicia por razón de xénero persiste e que a

brecha salarial é o seu expoñente máis evidente. Un indicador este último que, lonxe de mellorar, empeora en relación aos últimos anos.

UGT-Galicia denuncia, ao respecto, que a lexislación actual, tanto a nivel europeo, nacional como autonómico é totalmente insuficiente para resolver esta lacra.

Hai que ter en conta que nos últimos anos non se adoptou ningunha medida nova en materia de igualdade nas retribucións e a segregación ocupacional e sectorial persiste e condena ás mulleres a ocupar os sectores de actividade con menor recoñecemento económico e nas categorías máis baixas.

Se ben é certo que a negociación colectiva é o instrumento a través do cal se establecen as condicións salariais da poboación traballadora, tamén é certo que nin os convenios colectivos nin os plans de igualdade poden evitar a asignación por parte dos empresarios dos chamados "complementos ad personam".

UGT denuncia que en moitos casos a sociedade acepta que hai brecha salarial pero non discriminación salarial

UGT ven traballando dende hai moitos anos na tarefa pedagóxica de concienciación da sociedade e no eido da negociación colectiva na inclusión de cláusulas nos convenios e plans de igualdade. Pero o Sindicato observa que para os gobernos e os empresarios eliminar as diferenzas retributivas por razón de xénero non é unha prioridade. De feito, unha parte importante da poboación acepta que hai brechas salariais pero non discriminacións salariais.

Lei de igualdade salarial e Inspección de Traballo cualificada para detectar as vías a través das cales se discrimina ás mulleres

Por todo isto, urxe xa que o Goberno aprobe unha Lei de igualdade salarial que inclúa a obrigatoriedade de introducir a igualdade salarial en todos os convenios e plans de igualdade.

Tamén resulta imprescindible unha Inspección de Traballo cualificada para detectar as múltiples vías a través das que se discrimina ás mulleres no emprego e se lles penaliza con salarios inferiores aos dos seus compañeiros.

UGT INAUGURA EN SANTIAGO A EXPOSICIÓN ITINERANTE “130 ANOS DE LOITAS E CONQUISTAS”

Redacción.- UGT inaugurou este mércores en Santiago, no Centro sociocultural do Ensanche, a exposición itinerante “130 anos de loitas e conquistas” que está a recorrer todas as provincias españolas dentro dos actos conmemorativos do 130 aniversario do Sindicato que arrancaron o pasado 12 de agosto en Barcelona.

Esta exposición permanecerá en Santiago do 20 de febreiro ao 18 de xuño e terá un carácter itinerante, recorrendo os distintos centros socioculturais do Concello co fin de que toda a cidadanía compostelá se poida achegar e coñecela. Concretamente, no centro sociocultural do Ensanche estará do 20 de febreiro ao 4 de marzo. Do 5 ao 25 de marzo a exposición estará no Centro sociocultural de Santa Marta; do 26 de marzo ao 16 de abril, no de José Saramago en Vite; do 23 de abril ao 16 de maio no de Fontiñas; e, para rematar, do 28 de maio ao 18 de xuño no Centro sociocultural do Castiñeirío.

Así, con esta exposición, continúan os actos en Galicia conmemorativos deste 130 aniversario da UGT que se abriron en Ourense e Vigo.

Trátase de repasar os 130 anos de loita obreira nos que UGT estivo sempre ao carón dos traballadores e traballadoras. A exposición que se inaugurou en Santiago recolle os períodos máis significativos desta longa traxectoria repasando os 130 anos de loita obreira e reivindicación dun mundo máis xusto. Os visitantes poderán atopar as datas e eventos máis importantes destes 130 anos.

No acto de inauguración interviñeron a secretaria xeral de UGT-Compostela-Barbanza, Inmaculada Sieiro; o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; o alcalde de Santiago, Martiño Noriega; Luís Toxo, afiliado histórico de UGT; e o presidente da Fundación Luís Tilve, José Benito Núñez.

Inmaculada Sieiro, que foi a encargada de conducir o acto, fixo unha pequena semblanza de como chegou ao Sindicato, nos anos 70, sendo empregada do téxtil e explicou como ela e as súas compañeiras, aínda moi mozas, xa tiñan responsabilidades familiares, sen ningún tipo de facilidade para a conciliación, e como loitaron con moitas gañas por mudar as cousas, de feito, cada pequeno logro era para todas unha gran vitoria. Foi neste momento cando lembrou as palabras de Pepe Álvarez: “detrás de cada dereito e liberdade conquistado dende 1888 sempre houbo un uxetista”.

Na súa intervención, Luís Toxo reflexionou sobre o que para el son hoxe en día os grandes desafíos, o demográfico, o medio ambiente e as grandes desigualdades. Estes, xunto coa necesidade de dar resposta aos novos e ilusionantes retos ante os novos modelos laborais e formas de traballo, serán retos que o Sindicato terá que abordar para poder escribir moitas máis liñas da historia deste país.

Pola súa banda, José Benito Núñez, como presidente da Luís Tilve, fundación encargada de salvar a historia da UGT en Galicia, saudou a idea de facer esta exposición para lembrar a historia da UGT nestes últimos 130 anos, polo lugar determinante que ocupou o Sindicato na historia do movemento obreiro.

Santiago tamén contribuíu a estes 130 anos de historia. Lembrou que no 1891 nacen dúas institucións que van desempeñar un papel fundamental no movemento obreiro e socialista de Santiago, o Centro obreiro e a Agrupación socialista de Santiago. Xa coa folga de 1890 aparecen varios líderes de ideas socialistas que estarán moi presentes na adhesión das sociedades a UGT e no seu funcionamento, como Nicolás Pardo Cernadas, presidente da sociedade de canteiros, e José Silva Cobas, secretario da primeira executiva da Agrupación socialista e da Sociedade de canteiros. De feito, será a Sociedade de canteiros un dos xermes da UGT en Santiago, así como a Sociedade de carpinteiros que se adhire ao Sindicato no 1896. Neste período será José Mareque un dos líderes indiscutibles de UGT en Santiago. Neste momento as mobilizacións e folgas máis importantes xiraban ao redor da xornada de 8 horas, o fin do traballo dos menores ou a loita por un salario mínimo legal. En Santiago, xa coa chegada da República o uxetismo colle pulo e pasa a organizarse en federacións.

Finalmente, foi o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, o encargado de pechar o acto. Lembrou que a



finalidade coa que UGT foi fundada hai 130 anos está plenamente vivente, a defensa da igualdade, cohesión social, dereitos e liberdades.

Como fixo o presidente da Fundación Luís Tilve, Gómez fixo unha pequena semblanza de cal foi o xermolo da UGT en Compostela, a confluencia de sociedades obreiras con sociedades de resistencia de canteiros, carpinteiros, curtidores ou do metal. De feito, no 1894 visitou Pablo Iglesias Santiago co obxectivo de aglutinar as sociedade de resistencia.

En relación á exposición, que foi inaugurada en Santiago, o secretario xeral de UGT-Galicia apuntou a que o seu fin é concienciar á sociedade de que os dereitos e as liberdades das que hoxe gozamos houbo que conquistalos ao longo da historia co arduo traballo de moitos homes e mulleres. Algúns deles, como consecuencia desta loita, foron vítimas da persecución, cadea e, incluso, algúns perderon a súa vida.

Recoñeceu que, de seguro, ao longo destes 130 anos cometéronse erros pero na balanza pesan máis os acertos, a loita por unha sociedade máis igualitaria e xusta. Detrás de cada avance hai un ou unha uxetista.

Hoxe, no contexto actual, UGT é historia viva e os traballadores necesitan dunha UGT forte, concluíu.

UGT CONVOCA EN SANTIAGO O VINDEIRO MARTES UNHA ASEMBLEA DE DELEGADOS DE TODA GALICIA

Avanzar na recuperación de dereitos, cumprir os compromisos como IV AENC, diálogo social, derrogar as reformas aprobadas polo PP e apostar definitivamente pola igualdade, os temas que se abordarán

Redacción.- UGT-Galicia convoca o vindeiro martes, día 26, a partir das 11.00 horas no Cersia de Santiago unha asemblea de delegados e cadros, procedentes de toda Galicia.

Neste acto intervirán o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez; a secretaria de Igualdade, Xu-

ventude e Movementsos sociais do Sindicato, Mónica Rodríguez; e o secretario xeral de FeSMC, Miguel Ángel Cilleros.

Esta asemblea encádrase dentro da campaña confederal na que se trata de afrontar unha serie de retos que permitan avanzar na recuperación de

dereitos, cumprir cos compromisos acadados no IV AENC ou no diálogo social, na urxencia de derrogar as reformas impostas polo PP e tamén na urxencia de apostar definitivamente pola igualdade.

Neste mesmo contexto estanse a celebrar asembleas en todo o Estado.

OS TRABALLADORES DE AMBULANCIAS PROTAGONIZARON OUTRA SEMANA DE FOLGA E PARTICIPARON MASIVAMENTE NUNHA MANIFESTACIÓN EN SANTIAGO

Redacción.- Os traballadores do transporte sanitario de toda Galicia están a secundar, dun xeito masivo, a semana de folga convocada, do 18 ao 24, que sucede aos catro días de comezos de mes de paro, do 8 ao 11, e á que lle seguirá outra semana máis de folga, do 4 ao 10 de marzo, que pasará a ser indefinida a partir do 20 se non se soluciona o conflito.

Ademais, os traballadores do sector manifestáronse polas rúas de Santiago este mércores para demandar un convenio digno e un servizo público de calidade.

Oscar Vázquez, de FeSP-UGT-Galicia, explicou que a este punto chegouse ante o bloqueo da negociación do convenio colectivo, as ameazas da patronal e a propia responsabilidade da Consellería de Sa-

nidade nesta situación.

Na última xuntanza mantida coa patronal na mesa de negociación do convenio, esta retrocede nas súas propostas e pon enriba da mesa un recorte salarial do 10%, a renuncia ao contrato do 061, a posibilidade de que algunha empresa entre en suspensión de pagos e que non aseguran as nóminas a partir de marzo.

FeSP non entende este repentino cambio de actitude que bota por terra os avances previos doutras xuntanzas. Isto



conduciu ao bloqueo da negociación e obrigou aos sindicatos a propoñerlle aos traballadores a convocatoria da folga. FeSP corresponsabiliza desta situación á Xunta que foi quen outorgou as concesións ás empresas, as que agora se queixan de que os orzamentos non chegan para cubrir custos salariais.

FE SP RECLAMA UNHA RPT PARA O CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR QUE PERMITA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO

Redacción.- FeSP-UGT-Galicia insta ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar a que abra xa o proceso negociador da RPT que leva máis de dous anos atrasando sen razón algunha.

Esta RPT é un paso necesario e imprescindible para poñer en marcha o proceso de estabilización do emprego derivado dos acordos de concertación social asinados no eido da función pública.

O Sindicato lembra que o CGIB conta con 1.734 empregos, dos que 1.200 terían

que ir a un proceso de estabilización. De feito, é o organismo da Xunta con maiores taxas de inestabilidade e máis afectado pola temporalidade.

Por todo isto, e baixo o paraugas destas demandas, FeSP concentrouse o pasado día 18 fronte á sede do organismo público e entregou vía rexistro máis de 600 sinaturas de traballadores do CGIB coas



que se reclama a RPT xa.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PRESENTA UNHA NOVA PUBLICACIÓN: “A DEPURACIÓN DO MAXISTERIO NA PROVINCIA DA CORUÑA”

Redacción.- Este mes de febreiro a Fundación Luís Tilve presentou a súa nova publicación: “La depuración del magisterio nacional en la provincia de A Coruña”, do xornalista e doutor en Historia, Jesús M. García Díaz. Un ensaio froito dunha extensa investigación histórica, que lle valeu ao seu autor o merecemento do XII Premio Luís Tilve de Investigación e Divulgación Histórica.

Tanto na presentación, o 8 de febreiro, na que interviñeron o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o presidente da Fundación, José Benito Núñez López, como na conferencia que se celebrou o 12 do citado mes, no Centro Universitario de Riazor, destacou o exhaustivo traballo realizado polo autor nas máis de 500 páxinas do volume, nas que se detalla o proceso de depuración administrativa que levou a cabo o franquismo contra os mestres das escolas rurais e urbanas da provincia, baseándose en máis de 2.000 expedientes, procedentes, entre outras fontes, de chamada Comisión Depurativa Provincial, a Autoridade Gobernativa Militar, o Ministerio de Educación ou a Comisión de Cultura e Ensino.



Trátase dun libro que contribúe a botar luz sobre un período histórico escuro, permitindo ao lector coñecer con todo detalle a enorme e triste inxustiza deste proceso de depuración ideolóxica das escolas coruñesas e o seu demoledor balance para os centos de persoas que o sufriron directamente e para o propio sistema educativo do país, con múltiples exemplos de como os informes dos curas, da Guardia Civil, do al-

calde ou as delacións dos veciños eran as fontes nas que se baseaban a maioría dos procesos. Non levar os alumnos á misa, ter o crucifixo da clase roto, bañarse na praia no verán, cuestións relacionadas coa vida persoal dos mestres e mestras ou ter determinada filiación política foron algunhas das causas destes expedientes que pretendían levar a cabo a depuración ideolóxica dos profesionais do ensino.

FICA DENUNCIA O DESMANTELAMENTO DO GRUPO NUEVA PESCANOVA

Redacción.- FICA-Vigo, xunto con CIG, USO e CUT, denunciaron en rolda de prensa este xoves a externalización da división de frío de Nueva Pescanova, consideran que este é un primeiro paso para o desmantelamento do grupo, antes de vendelo por partes.

46 traballadores externalizados

Os traballadores externalizados e subrogados son 46, dos centros de Chapela, O Porriño e Arteixo, que pasan a ser empregados de Actividades Logísticas Centralizadas, ALC.

Dende FICA-Vigo, ademais do feito, criticáanse as formas por ter anunciado esta subrogación dun día para outro. Os traballadores afectados seguirán desempeñando a súa labor nos centros de Nueva Pescanova, polo que o grupo será responsable de calquera problema que



xurda no eido laboral.

Tamén denunciaron que os sindicatos carecen da documentación que avala o proceso de externalización da división frigorífica do grupo.

Rubén Pérez (UGT-FICA-Vigo) lembrou que os donos maioritarios da Nueva Pescanova son entidades

financeiras e que “os bancos non queren empresas, queren vendelas para recuperar o diñeiro”.

Neste contexto enmárcase a decisión de externalizar a división de frío e outras medidas encamiñadas a facer rendable e atractiva a empresa. FICA da a voz de alerta porque Galicia non se pode permitir perder este grupo.

UGT REXISTRA A CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL PARA O 8 DE MARZO DE, POLO MENOS, DÚAS HORAS POR QUENDA



Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores rexistrou este mércores telematicamente unha convocatoria de folga xeral de polo menos dúas horas por quenda, con cobertura de 24 horas, para o venres, 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

A folga xeral poderá seguirse, por tanto, ao longo de toda a xornada, en todos os sectores de actividade e en todo o territorio do Estado.

Horario do paro

O paro, de polo menos dúas horas por quenda, concentrarase no seguinte horario:

Nas quendas de mañá: de 12:00 a 14:00 horas

Nas quendas de tarde: de 16:00 a 18:00 horas

Para as xornadas continuadas en quenda de noite: as dúas primeiras horas da quenda que comeza o día 8 de marzo.

Obxectivos da Folga

Os obxectivos que persegue o sindicato coa convocatoria desta xornada de loita son, entre outros:

*A consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes e a plena equiparación de dereitos das mulleres na nosa sociedade.

*Loitar contra a desigualdade e

todas as formas de discriminación que sofren as mulleres no ámbito familiar, social, político e económico, así como para entrar ao mercado laboral e unha vez dentro.

*Combater, moi en particular, o rexeitamento á brecha salarial que en Galicia é do 23% do salario e supón que no noso país as mulleres cobren ao ano preto de 6.000 euros menos que os homes.

*Rexeitar a cronificación do desemprego feminino e a elevada parcialidade –tres de cada catro xornadas a tempo parcial son desenvoltas por mulleres-, e precariedade dos empregos desempeñados por mulleres, así como a segregación ocupacional, a ausencia de medidas eficaces que garantan a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar ou a ausencia dun sistema de protección social igualitario.

*Condenar e combater todas as formas de violencia machista en todos os ámbitos e a insuficiencia de medidas en todos os ámbitos –con especial consideración ao laboral– para a protección das vítimas da violencia de xénero.

*Rexeitar as políticas de igualdade de xénero do Goberno.

Seguir avanzando

Para o sindicato é absolutamente necesario e urxente aprobar unha lei de igualdade salarial para combater

a brecha entre os salarios de homes e mulleres; reforzar os instrumentos de vixilancia, control e sanción por parte da autoridade laboral para o cumprimento do principio de igualdade no ámbito laboral, desenvolver medidas que garantan a corresponsabilidade entre mulleres e homes que faciliten compatibilizar o traballo e os coidados; garantir o cumprimento das medidas acordadas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, facer efectivo o diálogo social, impulsar a negociación colectiva, así como incrementar as políticas activas de emprego, esixir plans de igualdade en todas as empresas ampliando o seu ámbito de aplicación legal a empresas de menos de 250 traballadores, ou a adopción de medidas de acción positiva dirixidas a eliminar a discriminación e a desigualdade no emprego e na protección social, sen esquecer a importancia de poñer en marcha un modelo educativo igualitario, fortalecer os servizos públicos, en especial, os relacionados co coidado e adoptar medidas dirixidas a lograr a representación paritaria nos órganos de decisión e representación.

Por todo iso, a Unión Xeral de Traballadores fai un chamamento tanto aos traballadores e traballadoras como ao conxunto da sociedade para que secunde os paros e participe de forma activa nas diversas mobilizacións que se van a levar a cabo ao longo de toda a xornada do 8 M, Día Internacional da Muller, para traballar pola consecución do pleno e efectivo dereito á igualdade de todas as mulleres e denunciar calquera vulneración dos dereitos constitucionais.

POR UNHA LEI INTEGRAL DE DEREITOS DAS PERSOAS MAIORES

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, demandou unha “Lei Integral de Dereitos das Persoas Maiores”, que lles garanta unha protección específica e que contemple distintos ámbitos, a saúde, a vivenda, a protección económica, a xurídica, a cultura e o lecer”. Preciso que “é imprescindible desenvolver actuacións sociais e políticas que afronten as situacións que viven os maiores e que aborden o futuro inmediato que se presenta”. Neste sentido, resaltou algúns datos, que constatan o importantísimo incremento dos maiores (especialmente dos de máis de 80 anos) a escaseza de servizos sociais para atendelos (en contraposición co menor número de persoas novas que podían contribuir ao mantemento do Estado de Benestar); e o incremento de fogares unipersoais (3 de cada 4 destes fogares son mulleres).

Antoñanzas, que fixo estas declaracións no marco da xornada “A Protección das Persoas Maiores ante o Envellecemento Activo”, destacou que o aumento da lonxevidade constitúe “un gran cambio e desafío para o noso tempo” e iso require “promover iniciativas para estimular a actividade dos maiores na vida social, familiar e política. A súa participación é clave para o desenvolvemento social”, dixo.

A vicesecretaria xeral de UGT manifes-

tou que son obxectivos primordiais: manter a autonomía das persoas maiores impulsando o seu papel activo na sociedade, garantir o seu poder adquisitivo (minguado polas reformas efectuadas polo Goberno anterior), combater a soidade e minimizar os seus riscos e consecuencias e establecer medidas preventivas e de protección para evitar os malos tratos das persoas maiores (que se engloba dentro da violencia doméstica, familiar ou institucional).

Así, a Lei Integral de Dereitos das Persoas Maiores debería garantir:

* A protección e o exercicio dos dereitos das persoas maiores.

* A non discriminación por razón de idade, a igualdade de oportunidades e atención ás situacións de maior vulnerabilidade.

* A participación activa dos maiores en todos os ámbitos, o social, o político ou o privado (como é o familiar) e baixo unha perspectiva interxeracional.

* Considerar o envellecemento como un logro obtido pola evolución do coñecemento humano e como un reto para conseguir prolongar a pervivencia e garantir a mellor calidade de vida.

Algúns datos

Segundo datos recollidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE) na Enquisa Continua de Fogares 2017 e a proxección de fogares 2018-2033:

* O número de persoas de 65 anos e máis anos en España é de 8.905.738, un 19,07 % da poboación. Máis do 57% das persoas maiores son mulleres (datos ao 1 de xaneiro de 2018).

* A esperanza de vida en España sitúase nos 83,1 anos, a máis elevada da Unión Europea. En 2033 o 25,2 % da poboación superará os 65 anos, situándose a esperanza de vida en 87,7 anos para as mulleres e 82,9 anos para os homes.

* En 1.960.900 fogares reside unha persoa maior soa. En 3 de cada 4 destes fogares, é unha muller. En 2033 habería máis de 5,8 millóns de fogares unipersoais, o que supoñería o 28,8% do total.

* Os servizos sociais en España atenden a máis de 4 millóns de persoas maiores.

* En 2050, por primeira vez na historia, haberá máis persoas maiores de 60 anos que nenos. E en 2066 máis de 14 millóns de persoas serán maiores de 65 anos, é dicir, o 35% do total.

PÓDESE, E DÉBESE, DERROGAR XA A REFORMA DE PENSÍONS DE 2013

Redacción.- Ante o estrepitoso fracaso da Comisión do Pacto de Toledo en alcanzar un acordo que afronte os problemas do sistema público de pensións, UGT fai un chamamento ao Goberno para que decrete a derogación da reforma das pensións de 2013.

UGT esixe ao Goberno que cumpra coas promesas realizadas aos pensionistas e ao conxunto da sociedade, ademais do seu compromiso coa Seguridade Social, que é o que levamos meses esixíndolle na mesa do Diálogo Social. O Goberno non pode presentarse ás eleccións incumprindo eses dous compromisos, porque sabemos que hai posibilidades de facelo e así o imos a esixir na rúa se é necesario.

O Goberno non pode ampararse na patronal para non asumir a súa responsabilidade, e non pode darlle dereito de veto. UGT puxo toda a súa vontade, facendo propostas –moitas delas coincidentes coas realizadas ta-

mén pola AIREF-, e non ten escusas para non acometalas debido a que non custan diñeiro para este ano e baséanse en aumentar os ingresos da Seguridade Social sen aumentar o déficit público.

O conxunto da sociedade investiu moitos esforzos e moito tempo en reivindicar cambios que dean garantías, viabilidade e dignidade nas prestacións do noso sistema público de pensións, e UGT négase rotundamente a que se convertan en esforzos perdidos e expectativas defraudadas.

Tomar medidas para elevar os ingresos do sistema de Seguridade So-



cial e derogar a reforma de pensións de 2013 para permitir retomar as negociacións políticas e sociais desde un punto de partida máis favorable –porque supoñería restituir o consenso de 2011- non comporta aumento de gasto e non existe obstáculo orzamentario que impida a súa aprobación.

GARANTIR O REPARTO DA RIQUEZA É DE XUSTIZA SOCIAL

Redacción.- No Día Mundial da Xustiza Social, a vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, participou xunto ao secretario xeral de CCOO no almorzo Foro Social "Xustiza Social", organizado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e a Fundación Xustiza Social.

Cristina Antoñanzas subliñou que a procura da xustiza social, a repartición da riqueza ou o mantemento do Estado de Benestar son prioridades fundamentais para o sindicato que cobran especial sentido nun contexto no que, tras catro anos de crecemento, nin a riqueza que se está xerando en España nin o aumento dos beneficios empresariais están a trasladarse aos traballadores e traballadoras, nin aos seus salarios.

Antoñanzas lembrou que actualmente un de cada cinco españois en idade de traballar e que queren ter un emprego non pode, a me-

tade dos mozos están no desemprego, a metade dos parados non cobra ningunha prestación, hai máis de 700.000 familias que non teñen ningún ingreso e máis dun millón teñen a todos os seus membros en idade de traballar no desemprego e un de cada catro españois está en risco de pobreza.

E, neste sentido, a vicesecretaría xeral de UGT destacou que "en España temos catro alicerces básicos para garantir e mellorar a repartición de riqueza e ir reequilibrando esas desigualdades: os Orzamentos Xerais do Estado, a negociación colectiva, os impostos e o Estado de Benestar, moi concretamente, as pensións".

Para Cristina Antoñanzas, "os Orzamentos Xerais do Estado, que foron rexeitados no Congreso, eran os máis sociais e expansivos desde 2009 e supoñían un cambio nas políticas ao poñer ás persoas no centro, por iso

pensamos que se perdeu unha gran oportunidade ao rexeitalos".

En canto á negociación colectiva, Antoñanzas manifestou que "non dá por perdido que se efectúen cambios nas partes máis lexisivas da reforma laboral e póñanse en marcha cuestións nas que xa había acordo entre Goberno e sindicatos como o control horario, a ultraactividade ou a prevalencia do convenio sectorial fronte ao de empresa".

Así mesmo, destacou que, "para manter o noso Estado de benestar e uns servizos públicos de calidade, é necesario ter unha fonte de ingresos, polo que os impostos son básicos para repartir a riqueza e para que exista a xustiza social". Neste sentido, dixo, o sindicato non comparte as medidas populistas dos partidos políticos sobre a baixada de impostos.

152 ACCIDENTES LABORAIS CADA HORA, 2 TRABALLADORES FALECIDOS CADA DÍA E 66 ENFERMIDADES PROFESIONAIS

Redacción.- A sinistralidade laboral segue aumentando e tamén as mortes por mor dela, segundo os datos de avance da estatística de accidentes de traballo facilitados polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

En 2018 morreron 652 traballadores e traballadoras, 34 máis que en 2017, o que supón un incremento do 5,5%. Do total de falecementos, 506 ocorreron durante a xornada de traballo (22 mortes máis que en 2017, isto é un 4,5% máis) e 146 foron in itinere (12 máis que o ano anterior, o que supón un crecemento do 9%).

Por sectores de actividade, onde se rexistraron máis mortes foi no sector servizos (259 falecidos), seguido pola industria (90), a construción (85) e o sector agrario (72). Esta é a cara máis dura e dramática da sinistralidade laboral, o verdadeiro custo humano e social que supón a falta de prevención de riscos laborais ou o relaxamento na aplicación da normativa. Pero, tamén é consecuencia dunha tendencia moi preocupante: a sinistralidade en lugar de reducirse, incrementase. Así durante 2018, producíronse 1.333.002 accidente de traballo, 10.993 máis que os ocorridos en 2017.

Deles, 602.316 causaron baixa (18.891 máis que o ano anterior), o que supón un aumento do 3,2%, e o resto foron sen baixa, o que supoñen un des-



censo do 1,1%.

UGT valora a modificación do concepto estatístico de accidente de traballo mortal para a realización das estatísticas por parte do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, adaptándose á definición recomendada pola OIT, na que se considera accidente mortal todos aqueles que ocasionan a morte dunha vítima no prazo dun ano do mesmo. Esta nova definición comezará a aplicarse nas estatísticas correspondentes a 2019. Desta maneira a estatística será máis fiel á realidade e deixará ver a verdadeira magnitude do problema dos accidentes mortais.

Entre os accidentes que causaron

baixa, 520.037 ocorreron durante a xornada laboral e 82.279 foron accidentes in itinere. Ambos os tipos de accidentes ascenden na mesma proporción, un 3,2% e un 3,3%, respecto a 2017. Así mesmo, os accidentes con baixa durante a xornada laboral afectaron máis a homes que a mulleres, un 71% fronte a un 29% ou, dito doutra forma, 368.917 homes accidentados fronte a 151.120 mulleres. Ademais, rexistráronse 3.917 accidentes graves, 121 máis que no mesmo período do ano anterior (3,2%).

A primeira causa de accidente laboral con baixa, ocorrido durante a xornada laboral, foron os sobreesforzos físicos so-

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

bre o sistema musculo esquelético (rexistráronse 187.332 accidentes, o que supoñen o 36% do total).

Do mesmo xeito que aumentaron os accidentes de traballo, produciuse un ascenso no número de enfermidades profesionais rexistradas. Durante 2018 notificáronse 24.231, un 14,36% máis que as rexistradas en 2017.

Do total de enfermidades profesionais, 11.460 causaron a baixa do traballador e experimentaron un aumento do 11,95%. O resto, 12.771 enfermidades, non causaron baixa e aumentaron nun 16,62%.

O 82% das enfermidades profesionais foron causadas por axentes físicos. Unicamente 28 enfermidades das rexistradas foron causadas por axentes carci-

nóxenos, das que 15 foron debidas á exposición ao amianto, o que evidencia que non se declaran todas as enfermidades profesionais que, en realidade, prodúcense.

Solucións ante o crecemento da sinistralidade

- UGT esixe o control estrito da Lei de Prevención de Riscos laborais e incrementar as sancións polo seu incumprimento.

- Demanda a posta en marcha dun plan de choque contra a sinistralidade laboral, impulsado desde o diálogo social e que contemple reforzar a labor inspectora nos centros de traballo porque moitos dos accidentes poderíanse evitar. Neste sentido, insta a destinar máis medios á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

- O sindicato esixe aumentar a listaxe de enfermidades profesionais recoñecidas e actuar contra os riscos psicosociais, que son un caldo de cultivo dos accidentes laborais e enfermidades profesionais.

- No ámbito laboral, considera que hai que derrogar a reforma laboral, que potenciou a precariedade e temporalidade, atentando directamente contra a seguridade e saúde dos traballadores.

- E no ámbito xudicial pide maior axilidade para facer xustiza ás vítimas de accidentes de traballo, xa que a media de tempo para ditar sentenzas condenatorias é de 6 anos e 3 meses, respecto da data do accidente, e para sentenzas absolutorias é de 6 anos e 6 meses. Así, un accidente laboral que esgota a vía xudicial, ten unha media de duración de 7 anos e 3 meses.

UGT RECLAMA POLÍTICAS EFECTIVAS CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA



Redacción.- UGT, con motivo da Semana Europea de Loita Contra a Pobreza Enerxética, adheriuse ao manifesto elaborado por distintas organizacións como a Plataforma Por un Novo Modelo Enerxético, Ecoloxistas en Acción e a Plataforma de Afectados pola Hipoteca. Así mesmo, súmase a todos os actos programados durante esta semana.

O sindicato esixe a todos os partidos políticos e a todos os candidatos e candidatas ás próximas eleccións,

que se celebrarán en abril e maio, que adopten políticas macroeconómicas que reduzan a pobreza e aborden a desigualdade, con sistemas de protección social que garantan o Estado de Benestar Social.

A pobreza enerxética afecta a máis de 113 millóns de persoas na UE

A pobreza enerxética afecta a máis de 113 millóns de persoas na UE (un

22,5% da poboación da UE) e máis de 5 millóns en España, que viven en risco de pobreza ou exclusión social. Algo intolerable pois a enerxía é un dereito esencial, que debe facilitar aos fogares e ás familias cubrir necesidades básicas (iluminación, alimentación ou unha climatización que permita manter unhas condicións de confort suficientes para a saúde). Ademais, a enerxía é fundamental nos procesos produtivos das empresas, industrias e cooperativas, condicionando a súa produtividade e competitividade.